

O MUNDO DOS RAPACES.

A entrada na escola.

Cara ós seis anos os rapaces e as rapazas entraban na escola. Dende que aparecera esta institución no lugar a súa localización pasou por tres solares distintos: o actual palleiro do Antonio do Etelvino, na Chaira (antes da Euloxia), a casa da Begoña do Paco, na Calle, que, co desdobre e durante unha tempada foi só de nenos, e a casa do Fino da Tapadiña, que comezou como escola de nenas e rematou sendo escola mixta denantes da marcha para o centro escolar do Picouto.

Despois de mercarlle o silabario ou as primeiras raias, unha pizarra cun pizarrín e un lapis, e tras o pertinente revise da lavada do gato, refrega de orellas e peiteado mollado para a oración, coa roupa nova (ou seminova), o rapaz entraba ó mundo escolar acompañado do pai ou da nai. Na maioría dos casos as vogais e os primeiros números xa non eran novidade.

“NON TODOS OS QUE VISTEN DE LÁ SON CARNEIROS”

“NINGUÉN NACEU SENDO UN MESTRE”

“LIBRO PECHADO NON FAI LETRADO”

“XENTE NOVA TODA É BOBA”

Os párvulos chegaron a ter mesiña propia cun banco corrido sen respaldo. Cando se ocupaba praza no banco de dous, con tinteiro, deixábase de ser neno pasando a ser rapaz. O novo status facíase notar: os *futingos* (coches) que levaban ós nenos, simplemente levaban ou traían mercadorías e viaxeiros; as medras disminuían os castigos e xubilaban os pantalóns curtos, o Catón -editado por Saturnino Calleja- e as enciclopedias Álvarez exercitaban a memoria.

En Escudeiros dábaselle moita importancia ós docentes. Corría polo lugar o dito *“crego válenos calquera, pero mestre non”*. Salvo casos illados, os docentes eran moi respectados polos pais, aínda que algún, coma o don Paco, tivera que tragar unha faena de pesca do Cesáreo, do Fermín e do Xosé Anxelo, que rendera cinco sacos de troitas; menos mal que, despois de ruminar a faena durante unha semana, a María Mileira situouno na realidade: *“os sacos non lle chegaban a un fardeliño”*.

Foron moitos os mestres e mestras que impartiron docencia en Escudeiros: o Torremocha (Páramo) -tamén coñecido polo extremeño-, o Calviño, don Manuel Bouzo -o Coxo-, don Paco, dona Cándida, dona Artemia, dona Irene, dona Concha, dona Luz, dona Marisa, dona Amparo, dona Chelo, dona Elvira, dona Cristal, dona Corona... E cando faltaban por calquera circunstancia, o Paco era quen de abrir e pór escola.

A filosofía popular imperante ata a chegada da democracia era *"a letra con sangue entra"*. Nas mesas dos mestres campaban varas segundo as predileccións: vimbio, xesta e, polo que se conta, ata houbo unha de escambiión. Estes paus eran polifuncionais: situados cartográficos, indicativos, chamadas de silencio e instrumentos de castigo. Non todos os mestres zumbaban; o Calviño, o don Paco, a dona Cristal, a dona Amparo... non eran de mau lixeira; pero don Manuel Bouzo fixera correr entre o alumnado *"Home coxo e can rabelo, para fodelos"*. Raro foi o alumno que non probou da súa menciña. As súas normas eran estritas, puntualidade, ningún rapaz no café e boa letra.

Un día o Xosé María chegou tarde. Á rápida pregunta do mestre *-¿De dónde viene usted?-* respondeu o rapaz *-Tuve que ir buscar una pega a la Noguera... -Pajaradas!* -repuxo o Bouzo, non decatándose de que as pexas eran os freos pateiros dos cabalos, mulas ou burros.

O Celso do Fortes, acotío prexudicado pola vara de "retama", protexía as orellas erguendo o brazo. Don Manuel esixíalle *"Baje el ala, Celso", "Celso, baje el ala!"*.

"A GUÍA DE ESTACA BO RETOÑO SACA"

O Fino, cando recibiu a sobremesa de rapaz e o entrante de adolescente, colleu tal cabreo que se negou a tomar máis leite en pó e queixo americano... non volveu á escola.

Os rapaces tomaban as súas pequenas vinganzas das ampolas nas pernas e nas mans, da dor da regra nas unllas e das orellas coloradas ou mesmo sanguiñolentas como as do Xan Manuel.

Foron famosas a choiva de pedras que, como escaravanada autóctona, o Luis e o Eladio lle fixeron chover ó Torremocha, a cambadela que lle puxo o Alberto da señora Anxelita a don Manuel Bouzo, espatarrándoo no chan, e a escapada do Lalito co notario dos rapaces da escola para guindalo á mina do Portal da Veiga (custoulle

un mes de expulsión). Máis rapazada que vinganza foi a caveira de cabazo, con cirio e papel de estraza dentro, que os rapaces lle puxeron no Portal da Veiga á mestra que viña da Novena. Daba xenio vela correr cara á Tapadiña. Algunha rapaza, das que a ían buscar a Cerdal traéndoa “á cadeira da reina” cando había lama, quedou ben leda. A mestra corría polas lameiras e non patinaba, mesmo un rapaz dos argallantes comentou polo baixo “*A mestra non trae zapatos de sola*”.

Ovnis en Escudeiros.

Na escola, de noite, argallouse un dos feitos máis inquietantes e estraños da historia do lugar que recolleron os xornais da época, *A Rexión*, entre eles, e que mesmo chegou a investigar a garda civil. O mundo da ufloxía entraba na aldea mineira.

O suceso manifestouse nunha das lecturas que o Pablito non lograba rematar... “*co, co...*” -“*como o que viches onte*”- axudáronlle o Horacio e o Arturo “*co-co-drilo*”. A mestra, dona María Calviño, indagou no día pasado e o maxín do rapaz, alimentado polos dicires dos compañeiros, desbordou... “*Foi en Pazos, dun couso que era coma un cesto con tellado saíron dous homes. Aquelo inchou. Eu collín un cañoto dunha verza para defenderme...*”. O Pablito vira un ovni. Os nenos máis pequenos, Xoan Enrique e Xosé Manuel, impactados polo suceso e as razóns asintentes dos grandes, co fío da imaxinación confirmaban o feito.

Os periodistas viñeron indagar. Pazos, lugar do feito, foi *retequefotografado*. A benemérita chegou á escola inquiríndolle información á mestra. O protagonista da visión, como se o manancial da crenza lle gurgullase todos os días, sempre confirmaba o acontecido con algún matiz novo que non borraba o esencial.

Naquel *tardofranquismo* o *locus* de Escudeiros estaba nos micrófonos e as ondas espallaban a nova a catro ventos.

Que di a ciencia sobre esta etapa infantil.

Nesta etapa, segundo a corrente *piagetiana*, supérase o pensamento preoperacional e éntrase na fase das operacións concretas, cun desenvolvemento do pensamento lóxico e reversible, podendo clarificar, seriar, conservar medir e mesmo realizar predicións e dar explicacións sobre cousas concretas. É unha etapa de

crecemento que desemboca nos estiróns. Ábrese camiño o xogo regrado e cada club prefere ós do seu propio sexo.

Entre os 12 e os 14 anos, chega a fase das operacións formais. As operacións concretas do mundo real tamén se poden aplicar ó mundo hipotético ou posible. O preadolescente -adolescente e quen de levar a cabo razoamentos hipotético-dedutivos e lóxicos interpreposicionais. Comezan a entender conceptos abstractos, adquirindo o pensamento científico.

Dáse tamén unha mudanza corporal da man dunha revolución endócrina na que as hormonas sexuais xeran desorde. Aparece unha crise de identidade, da heteronomía pásase á reclamación de autonomía. Hai unha pescuda de modelos no espertar social. Descúbrese a sexualidade. Ás veces falta atención e flexibilidade para entender as cousas co que aparecen conflitos de adaptabilidade, pero como dicía Piaget *"O conflito e a toma de conciencia do mesmo é o motor do desenvolvemento cognitivo"*.

Despegue lúdico.

"TU LUDIS"

"O RAPAZ CANDO SE PON A XOGAR NON SE LEMBRA DE PARAR"

"ESTÁ NAS VERZAS"

"ANDA NAS PAVÍAS"

O xogo é outro mundo onde existe unha orde e un espazo que separa, delimita e territorializa. É o outro tempo que queda no outro lado da vida e que se fixa nos roles dos rapaces. Ás veces, hai loita e pugna para reproducir mellor algo.

Lugares como A Chaira, O Pirinique, A Calle, Pazos, ou como fora antes a Eira das Cristas, enchíanse de rapaces e rapazas antes de entrar na escola, despois de comer e contra a noite. Asemade había concentracións de rillotes nos espazos de pastoreo e abeberaxe das reses, A Variña, Cartemil, O Coto do Rodrigo, Fontecova, As Minas da Chaira, As Pozas do Palleiro...

Había xogos individuais, pero eran máis os colectivos. Nos xogos de equipos necesitábase escolla previa, que se facía de tres xeitos: coa punta e cabe (punta, talón, punta, talón...), co pauciño (en que man está?) e cos pares ou nones. Os liderados sempre encerraban algún atributo valorado polos clubs e as disputas de galos iniciábanse quitando unha palla do ombreiro. Asemade había xogos de nenos, xogos de nenas e xogos mixtos.

Conforme pasaban os anos os rexeitamentos entre sexos íanlle abrindo as portas ás atraccións.

"CANDO O RAPAZ LLE APUNTA O BIGOTE E Á RAPAZA A TETA, CASCARALLETÁ"

Eran xogos de nenas o salto da corda (*a comba*), *as rodas*, *o matarile*, *o truco*, *as bonecas*, *a goma*...

Os xogos mixtos incluían as *escondedelas*, *o centinela alerta*, *o chicamorte*, *a virilla*, *as pagadelas*, *a pita cega*, *os croios (pelouros)*, *os dados*, *o pano*, *as tendas*, *as casiñas*, *os comprometidos*, *as bólas*...

Os rapaces xogaban á *porca* -que tanto se xogou na Variña con piñas-, á billarda ou estornela, *os baillóns*, ás *fondas* ou tiracoios, *ós tirabalas* de sabugueiro con balas de estopa, á faba, *ós indios*, *ós gardas civís e contrabandistas*, *ó pinche*, *á roda cos guiadores*, *as cirnideiras*, *ás carracas*, *ó burro*, *ás escopetas* -feitas con milleiros-, a colocar fíos e tenzas nos carreiros e camiños...

"POLO SAN MARTIÑO, TROMPOS Ó CAMIÑO"

"POLO SAN AMARO PEÓNS Ó FAIADO"

A febre infantil do fútbol.

Escudeiros tivo un bo equipo de fútbol. Entre a mocidade daquel tempo destacaron xogadores coma o Fermín e o Ernesto; o Gustavo mesmo foi probado polo Ourense e a fachenda do lugar era Delfín Álvarez, defensa esquerdo que chegou a xogar no Murcia, Real Sociedade, Español e no Pontevedra do "hai que roelo". O nome do lugar de Escudeiros deixaba mel de boca futeboleira na Arnoia, Ventosela, Santabaia...

Os rapaces só podían usar o campo da Chaira cando non xogaban os mozos, pero eran escasos os intres nos que quedaba ceibe. Procuraron alternativas e construíron dous novos campos de fútbol: un na Variña e outro na Chaira, pegado ó campo dos grandes. Neste último leváronse a cabo tácticas construtivas para o caneo. Por orde do Livín deixouse sen cortar, no medio, un piñeiro grande... *“se defenden por este lado saímos polo outro”*. Resultaba un terreo de xogo algo exótico, pero non moito máis que outros campos do arredor, onde as rapazadas xogaban cada domingo o honor dos *locus*. O campo da Guía fora trazado a dous niveis, o de Sobrado era o mellor exemplo de plano inclinado, o de Cerdal tiña unha notoria caída cara o lugar, o de Poulo semellaba un viveiro de cardéns, no de Grixó os porteiros rivais non se vían e no de Vilar de Vacas había dúas portas: a da cima do Peto e do fondo do Peto.

Un dos problemas era conseguir os balóns acorreados ou as pelotas grandes. A escaseza era manifesta. O rapaz dono do instrumento peloteiro facíase de rogar e esixía recoñecemento entre a grea.

Os rapaces do lugar recibían un segundo bautismo, neste caso seco e deportivo. A padriñaxe era colectiva, pero sempre co acordo do bautizado para que non quedase nun simple mote. Escomezaron a saír nomes: Santamaría, Collar, Quincores, Casamitjana, Bembarek, Padrón... O rito posterior era a confirmación; xa non xogaba o Pepe do Severino, xogaba o Collar de extremo esquerdo e, cando a Señora Carme compraba mistos, o rapaz sempre arelaba a caixa da súa foto e na escoita daquelas primeiras radios sempre había un plus de atención para o resultado do Atlético de Madrid. Daquelas identificacións saíron grandes e firmes seareiros.

[PESE A QUE NON SE RECLAMOU A PATENTE,](#)

[O FUTBOLIN ECOLÓXICO INVENTOUSE EN ESCUDEIROS.](#)

Alexandre Campos (1919-2007), coñecido como Alexandre de Fisterra, foi o inventor do futbolín, versión española de fútbol de mesa, no ano 1937 estando no hospital de Montserrat tras quedar ferido nos bombardeos de Madrid durante a guerra civil española. Aló coñeceu outros nenos, feridos coma el, que non podían xogar ó fútbol e confioulle ó seu amigo vasco Altuna, que era carpinteiro, a fabricación do primeiro futbolín. Debido ó triunfo do franquismo tivo que cruzar os Pirineos a pé, coa

desgraza de perder o documento da patente que levaba. Este feito deu carta branca ós fabricantes valencianos, que asumiron o xogo como propio sen darlle ningún tipo de creto a Alexandre.

En Escudeiros, cando a febre do fútbol asolagaba os espazos e a enfática voz de Enrique Mariñas voaba nas ondas, as hortas, patios e eiras das casas comezaron a poboarse de campos de fútbol de pequenas dimensións (1x0,70 m.). O *boom* construtivo dos estadios comezou na Chaira. Escollíanse espazos chairos nos que se colocaban portañas de madeira, os balóns eran as bugallas secas dos carballos e os xogadores de cada equipo once garabatos duns cinco centímetros e coas cores da mesma madeira, ben fose piñeiro, bidueiro, carballo, castiñeiro, mimosa, videira... O porteiro facíase gordo, pero era de lei deixar un buraco polo que coubese a bugalla. Na area os futbolistas dispúñanse en tres defensas, dous medios, cinco dianteiros e o groso porteiro. Xogábase ó ataque cubrindo home a home. Os golpes da bugalla medíanse por milímetros e se quedaba máis preto dos xogadores rivais estes iniciaban a xogada. O invento do “futbolín ecolóxico” tivo boa acollida e de seguido comenzouse a xogar a Copa da Chaira, na que participaban o Livín (equipo de mimosa, cun porteiro de case medio palmo que frecuentemente deixaba a portería a cero), o Eladio, o Toniño do Ignacio, o Álvaro, o Carlos e o Neso (que no seu campo do Valiño viuse envolto no secuestro do “Defensa Bruta” de videira, toda unha alfaia perdida nas centeeiras do barbeito do Arturo).

“MÁS VALE UNHA SEGURA

QUE DÚAS EN DÚBIDA”

As compañías de niños.

Cara o final da primavera e encetando o verán, os domingos, despois do rosario, as pandas de rapaces saían ós niños. Cada compañía tiña o seu depósito de paxaros, canastros que por estas datas se ían baleirando de espigas. Había tres importantes: o da Chaira, no canastro do Fermín, o do Roucón, no canastro do Román do Forno, e o da Calle, no canastro do Serafín na eira do Bacelo.

Os niños máis buscados eran os das rolas, torcazas, gaios, merlos, xílgaros, verdadeirois... Pero non era raro enxergar entre os barrotes outros tipos de paxaros. Cada niño atopado era seguido, na choca, de xeito moi esporádico para evitar o enxeite. Cando nacían os paxariños e perdían a tiña transportábanse ó depósito.

“NIÑO REBUSCADO

NIÑO ENXEITADO”.

Cada rapaz ía aprendendo dos maiores os tipos e os hábitos de cada especie de paxaros. Cando había algún rapaz de lingua solta, en aparecendo un niño importante, ouvíase a voz dun dos meirandes -“*Unha cobra!*!”- e os societarios liscaban a todo correr. A competencia entre pandas e as trafegas de información aumentaban a mortalidade dos paxaros pois, para aseguralos, a miúdo se collían antes de tempo.

Ó chegar os paxaros ós canastros dábaselles de comer e de beber ata que o facían de seu; centeo, millo, pan, bica e outras viandas acompañaban as latas de sardiñas recicladas en bebedoiros. O alpiste era raro velo e só se mercaba para os verdadeiros e xílgaros.

O aproveitamento cárnico dos paxaros era escaso, algunha torcaza, algún gaio e a insignificante papuxa que picoteaba as amoras de bo sabor, pero de exíguo bocado.

As compañías, salvo os propietarios dos canastros que tiñan que facer unha limpeza extra para encanastras o millo novo, non eran mal vistos polos maiores, mesmo había quen dicía -“*Lástima que non collan os corvos*!”-. Algún rapaz, que fora á Virxe da Franqueira polas terras da Cañiza, mesmo sabía dun corvo amestrado nunha casa, pero os ladróns do millo fan os niños en piñeiros moi altos e descanados, eran mouros e imposibles, demos das alturas.

O primeiro de agosto.

“OS RAPACES SON FILLOS DE DEUS

E TESTEMUÑAS DO DEMO.”

Naqueles tempos as casas non tiñan duchas. No mellor dos casos había un lavabo, pero eran mais correntes as almofías (*palanganas*) ou ben tinas de zinc que se enchían con auga da fonte ou dos pozos.

No verán os baños tomábanse no río e no inverno dábase un divorcio do líquido elemento, agás algúns podentes ou prescritos que ían ós baños a Vigo, Cuntis Cortegada, Prexigueiro...

A rapazada de Escudeiros, nos meses quentes, utilizaba a piscina do tanque da Seixosa que se servía da fría auga da mina aberta ó seu carón. Aproveitaba os sopores paternos de despois da comida. No lugar estaba radicada a crenza de que había que deixar pasar dúas horas e media despois da comida para poder bañarse sen que se cortara a dixestión. Isto facía que moitas nais durmiron co ollo aberto e, provistas de xesta en man, deixábanse ver pola Seixosa provocando estampidas de rapaces nos que, pudorosos, tapaban as súas presentacións coas mans afastándose a todo correr para non probar a xesta.

“NESTE MUNDO REDONDO

O QUE NON SABE NADAR VAI Ó FONDO”

Para aprender a nadar ou fachendear de saber facelo tamén se empregaban as pozas de regar cando estaban cheas agardando polo tandeiro.

O primeiro de agosto había permiso xeral para ir ó río; mesmo se chegaban a suspender os labores de faena para darse un chapuzón. Familias e grupos de rapaces e mozos estendían manteis para merendolas ó final do pozo do Cachón e no Algoio. Os bos nadadores coma o Xurxo do Sr. Atanasio ou o Xosé Anxelo, que estivera no equipo de natación da lexión, eran quen de tirarse ós pozos do río dende amieiros ben altos.

“POLO CANTO COÑÉCESE Ó PAXARO”

“POLO FÍO SÁCASE O NOBELO”

Uns días antes de comenzar agosto, un grupo de rapaces decidiu coller os pombiños que se estaban criando encima da poza da Canle, debaixo do corredor da Luisa. Uparon ó Eladio do Fermín, que ía quitando a *pichonería* dos seus niños e tras retorcerlles o gañote, guindábanllos ós outros rapaces que os ían metendo a toda présa nun saco. Convenceron á María Mileira de que eran torcazas e esta preparoulles unha empanada para a estrea de agosto. A papatoria infantil, a carón da presa do Peña, onde desemboca a corga de Filgueiró, viuse interrompida polos berros dunha muller ben anoxada na cima da Firga. A estampida infantil a todo meter subía os socalcos na procura do abeiro da mina da Central... non foi bo o proveito.

As buscas e as rebuscas.

"O QUE NON BUSCA NON ATOPA."

"O QUE TEN MAÑA SEMPRE APAÑA."

Os foguetes.

En Escudeiros a festa máis celebrada era a Sta. Bárbara, patroa dos mineiros. A onomástica da santa, ata a revisión do santoral polo Vaticano II, era o catro de decembro, pero por mor do tempo para a celebración a festa tíñase o primeiro domingo de setembro. Outras festas de menos boato e pote non tan cheo eran a Candelaria e o *San Blas* -dous e tres de febreiro-, o San Xoán -patrón da parroquia- e o Corpus.

Dende a construción do campo de fútbol da Chaira, na década dos anos trinta, a festa de Santa Bárbara sempre se celebrou no seu recinto. Levar a luz dende a aldea era toda unha odisea, polo que as verbenas románticas transcorrían a media luz.

Para anunciar a festa e ser a envexa da volta o día antes polo mediodía, tras o repique das campás, os foguetes atronaban o coto da Chaira e o cheiro a pólvora chegaba ata as casas. Os botadores, coa mecha nunha man e o cartucho na outra, soprando no marruco facían subir os foguetes e as retretas, acabando a estrondada coas clásicas bombas.

As pozas do Palleiro, o coto da Chaira e os Silvares enchíanse de rapaces que, ás carreiras cun ollo no aire e outro na terra, disputaban cada foguete caído. Os pais miraban ós seus fillos con sentimentos encontrados, por unha banda o perigo de que algún foguete lles explotara nas mans traendo unha desgraza e por outro as canivelas aproveitábanse como estacas para os tacos e ós cartuchos quitábanlle o fío, que tanto servía para coser albardas como para atar o mondongo.

A verbena da festa anunciábase con fogos de luces que, como acios, brillaban no ceo. Os rapaces respectaban a vestimenta festeira, xa non corrían detrás deles..

As rebuscas das pesetas.

“MÁIS VALE PESETA EN MAN

QUE PETO NO AIRE”

Co *refestexo*, a maioría das veces sen verbena, pechábase a porta da festa ata o vindeiro ano. Ó seguinte día, co alborear, grupos de rapaces, coma indios rastreadores, peiteaban o campo de fútbol á procura dalgún billeteño ou dalgunhas moedas pola graza de Deus e por desgraza dos donos. Cumríase o dito do que busca sempre atopa.

A rebusca da chatarra.

“NON HAI COUSA PEQUENA

QUE O SEU VALOR NON TEÑA.”

Despois das tormentas as arroieiras de auga deixaban á vista chatolas, puntas, anacos de pestillos e outros ferriños. Rapaces portando botes percorrían o lugar dende a Chaira ata Pazos apañando o que a auga deixara ó descuberto. O quincalleiro, de cando en vez, pasaba polo lugar cunha besta alforxada e recollía a mercadoría. Neste caso o Gandola, ben coñecido das festas pola rapazada, pagaba e non cobraba. Se o bote era grande, podía reportar unha peseta que, naquel entón,

podía erguer catro caramelos, catro galletas de vainilla ou mesmo un puñado de uvas pasas ou dous de figos pasos.

A rebusca das cachas.

“PASOU O SANTO

PASOU A ROMERÍA”

Tras a vendima, que se facía en setembro e que no tarde chegaba a outubro, os rapaces tiñan permiso para coller os acios que non foran vistos polos vendimadores e as cachas de maduración tardía. Compartían coas abellas, que de cando en vez tiñan mal perder e deixaban o aguillón. Non todos os rapaces participaban, habíaos que tiñan uvas penduradas de codesos nos faiados e eran menos propensos á festa dos vagos tardíos.

A fumada da silva madre (*Lonicera caprifolium*).

“FLANMA FUMO EST PROXIMA”

O fume da igrexa concentraba ós cregos e dáballe un aquel ós rituais. O fume dos curutos e dos cigarros dábanlle señorío ás festas e marcaban os descansos nos traballos importantes. As estampas eran variadas segundo se fumara: caldo, picadura, celtas ou peninsulares; segundo os cigarros fosen gordos como os do Pablo da Rita e os do Cesáreo ou fosen afinados coma os do Xosé Anxelo. Chegáronse a inventar modelos de aforro que algún exhibía á porta da igrexa os domingos; cando se daban os toques de entrada e o cigarro estaba a medio fumar o Sr. Rombero metíao nunha canivela, afogábao co escachapiollos e gardábao no peto do chaleco.

O tabaco marcaba rito de iniciación á mocidade. Estaba moi mal visto que un mocete fumase á vista do pai ou que o fixese entre os familiares antes de ir ó servizo militar.

A rapazada de Escudeiros iniciábase no rito, as agachadas, coa silva madre, unha silva grosa que medraba a carón da corga do Toural, que ardía ben, producía pouco fume, pero picaba algo a lingua. Estas silvas amorenaban os pulmóns dos intrépidos adolescentes.

A froita é cousa de rapaces.

“O QUE TEN CABRAS E FILLOS NON PODE ESTAR A BEN COS VECIÑOS”.

“FROITA NA HORTA, RAPACES Á PORTA”.

A xente de Escudeiros era consciente das minguas naturais que sufría a froita por mor das paxaradas e das rapazadas. Había espazos máis prexudicados; espazos de connivencia e de asalto.

A connivencia dábase na horta do Sr. Severino, na que a maceira santiaguesa tiña mazás para todos, nas claudias xapónicas do Ignacio da Chaira -tentadoras nos bailes domingueiros-, na cerdeira do Fermín do Valiño, na figueira das Chulas do Cruceiro, nos fatoeiros do Marcelo da Dorinda...

A maceira das antoninas do Manuel da Lola na Abilleira gozaba dos dous cualificativos, xa que os rapaces, pola disposición do terreo e o aquel aventuril, montaban gardas viarias durante o asalto, que non eran necesarias pois o Manuel era quen de trocar de camiño para non molestalos.

“GÁRDATE DO HOME QUE NON FALA

E DO CAN QUE NON LADRA”.

O Valiño era un espazo de asalto dificultoso. As maceiras, cerdeiras e morodos eran moi vixiadas polo Sr. César e o Poulino. O Arturo, o Xoán Manuel e o Horacio desafiaron ás forzas de vixilancia e non saíron ben parados. O Arturo tivo que saltar dende a árbore e esquivar a forquita arrebolada polo Poulino. O rapaz, co medo, deixou quedar un zapato... Logo, cando se topaba co músico da caixa, baixaba a cabeza, namentres o tendeiro alongaba o bigote cubrindo o sorriso.

Outro espazo dificultoso era a cerdeira da Sra. Dorinda no Bacelo, pero para os rapaces da Calle era coser e cantar. O Berto do Paco, por mor duns abesouros que habitaban nun oco do tronco, incineroulle o varal. As rabechas da de Avión superaron en magnitude ás do Sr. Felisindo e ás do Sr. César. Un espazo inexpugnable era a cerdeira do Xosé Copelo. Unha noite apareceu sen cereixas e cun bo montón de pólas no chan; unha debacle da que se culpou a un rapaz do Alcouce, aínda algo parente, que esa noite non estivera no lugar, e, ó mellor tivera algo que ver.

Os rapaces e as cousas da igrexa.

“PUER BONUS DILIGIT DEUM”

(O NENO BO AMA A DEUS)

A teoloxía popular galega é moi sinxela, fúndase no poder infinito, na bondade e na providencia de Deus (*Se Deus quer...*). O bo rapaz era o ben mandado, o obediente, o que respectaba ós maiores, o que non “botaba” pecados e o que sabía a doutrina: primeiro a do Padre Astete e despois dos catecismos máis modernos.

Había unha serie de liturxias ás que o rapaz non podía faltar: a misa dos domingos, o rosario coa *postdoutrina*, as procesións das festas, as novenas ou misas sufragadas pola familia e a confesión e posterior comunión de Pascua Florida. O que peor levaba o mundo infantil era o rosario do domingo á tarde. Nos anos corenta e cincuenta a rapazada, que pastoreaba as vacas en Cartemil pola mañá, procuraba tanguer para a casa o máis tarde posible e na Abilleira paraban as reses ata que as badaladas do rosario se perderan na tarde... se ben a carraxe do crego, don Miguel, non remataba co *-toma!* de costume, podía ir ás orellas.

A primeira comunión esixía un traballo esmerado do xastre ou da costureira, de bo corte e mellor agulla, aínda que había casos en que os nenos e nenas se transformaban en mariñeiros e princesiñas. O encontro coa Sagrada Forma esixía non tocar a hostia cos dentes e pasar previamente polo confesionario.

Para a confirmación viña o Sr. bispo. Na véspera o lugar era chamado a *zafarrancho* xeral; os camiños quedaban sen lama e os ornatos de flores e espadanas

resucitábanos verdes e primaverais. Os foguetes estouraban no ar anunciando a chegada da Súa Ilustrísima. Recrutábanse as mellores cociñeiras para botar as mans ós potes da reitoral. O adestramento catequético previo do tándem escola/altar deixaba moi pouco á providencia divina, normalmente os saberes discentes eran notables e ás fachendas do crego, mestre e pais só lle faltaban os nimbos dos santos para quedaren divinizadas.

As peores datas relixiosas eran as de Semana Santa, longas e tristes cerimoniais co Cristo tapado e coa campá en descanso.

O mellor domingo era o de ramos. Avivaba a competencia e coloreaba a cerimonia. Na semana anterior os rapaces e mozos procuraban nos *locus* de aprovisionamento do Valiño, Cortello, Lavandeira, Chorosa, Transportela, As Carballeiras... os mellores ramos do popular loureiro ou da sofisticada oliveira. Nada paraba as arelas, mesmo os mozos de Escudeiros chegaron a cortarlle polo pé a oliveira do cura de Vilameá, cura que despois era rexeitado para a confesión por aquela mocidade. Valorábase o ramo meirande e o máis churido. Chegáronse a cortar loureiros que, en torada, non andaban lonxe do medio palmo e en altura bicaban as lámpadas anoxando ó crego. Houbo un intento de competir cun novo ornato a finais dos cincuenta; o Suso presentouse cun ramo do que penduraban unha chea de galletas e caramelos. Notábase a man da Amparo e da Amparito, pero a cousa non pasou de exotismo coxuntural xa que, no arremuiñamento á saída da igrexa, quedou sen as larpeiradas por mor dos rapaces dulcificar as bocas. O ramo bendicido usábase nos rituais; cando había tormenta metíase na borralla do lume, colgaba dalgunhas portas afastando o mal de ollo, protexía os mobles e os pisos contra a couza e aderezaba algúns potes de fabas.

Na mirada da igrexa atopabamos ós meniños coas nais nas cadeiras individuais. Cando facían a primeira comuñón ocupaban as escadas que conducían ó altar e cando *pincheaban* en oficio subían á tribuna e reclamaban o status de *mozotes*.

Detrás do telón houbo algúns reviramentos contra a autoridade relixiosa, que nunca chegaron a rebelións. Un grupo de mociños, entrando na adolescencia, que lle bicaban acotío a man ó señor cura deixaron de facelo porque o Toño da Luisa dicía que con esa man o reverendo limpaba o traseiro e rañaba os triunfos. As rapazas trocaban o percorrido por Surrego para adiar as escadas do adro, lugar de asoallamento do ministro de Deus. A falta xerou desconfianza no crego, co

pertinente aviso á escola. A mestra, na clase de urbanidade, lembroulle ás súas discípulas a obriga de bicarlles a man ós pastores de almas.

As chinchadas.

Chinchar é unha palabra polisémica que, entre os rapaces de Escudeiros, se usaba co senso de amolar, fastidiar ou enganar con algunha trola.

"RAPAZ VAI MUNGUIR AS GALIÑAS"

"RAPAZ PONLE A PEXA Ó SALTÓN"

Chinchadas dos maiores ós rapaces I: As feras do Cesáreo.

En Escudeiros adquiriron notoriedade as feras do Cesáreo: leóns, hienas, tigres, elefantes... Todo un animalario que o Cesáreo e seu pai, o Sr. Manuel Peregrino, tiñan na adega e nunha corte. Raro foi o rapaz que non chegou ata a porta, que acostumaba a deixar entreaberta. Dentro, lugar de valentes, só pasaba el coa aguillada de freixo e escoitábanse as xostregadas nas cubas... *"-Hiena, hiena!"* conxuntamente os arremedos *bichiles* do pai, escondido nunha cuba. Cada rapaz que pasaba por diante daquela porta facíao fitando pola pechadura e liscaba a bo paso, non fora o demo! Cando se caía da trola mantíñase o segredo para os máis novos. Así se sostivo, durante anos, o imaxinario parque zoolóxico do Alcouce.

Chinchadas dos maiores ós rapaces II: A sega dos cabazos.

O Cesáreo e o Xosé Anxelo fixeron unha recrutamento entre os rapaces do lugar para levalos á sega dos cabazos. Non era tan lonxe como a sega do trigo de Castela, pero había unhas cantas leguas. Por mor de dispor as cousas a rapazada preguntaba o día da partida. Eles aconsellaban ter a maleta feita con tempo e as fouciñas ben afiadas. Algúns rapaces tomaron os consellos ó pé da letra e, silenciosamente, ían amañando as maletas. Ó fin, para desgraza dos de Escudeiros, seica levaron ós de Montes porque segaban máis barato.

Chinchadas dos maiores ós rapaces III: A granxa de grilos.

Os argallantes da *cabazada* espallaron entre os rillotes as posibilidades de negocio dunha granxa de grilos, pero a desconfianza infantil deste intre non posibilitou o proxecto. Os bichiños de antenas tiñan que aprender a grilar o rigodón e o pasodobre. Demasiada esixencia para os grilares e, por se isto fose pouco, había que seleccionar dentro da especie descartando as femias e os machos ceboleiros. Así quedou todo nun anteprojecto sen viabilidade.

Chinchadas dos rapaces ós maiores I: A sardineta de Francisco Vergara.

"UN PORTUGUÉS DE REFOJOS,

AMIGO DEL FOGONERO,

DICEN QUE TENÍA ANTOJO

DE DOSINDA Y SU PLUMERO"

.....(CANCIÓN DE CEGO)

O Francisco da Dosinda, home de poucas carnes, pel morena, eléctrico nas reaccións e acugulado de imaxinación; alumábano "o Fogoneiro" e a verdade é que as brasas do alcuño quentaban este home. Os rapaces mociños, cando tiñan ganas de correr, ó velo pitábanlle *"PI!, PI!, PI!.."* e comenzaba a persecución. Pola Loureira, Surrego e mesmo nas Bouzas se escoitaban os berros do *chinchado* *"Que vos cravo a sardineta!"*-. Moitas correrías, navalla sen sangue, algúns píos furados ou caídos... nunca collía ós rapaces.

Chinchadas dos rapaces ós maiores II: As beatas do lugar.

As mulleres máis beatas do lugar eran a señora Manuela Chiota e a señora Rosa "a Touza". Cumpridoras do rosario diario, da comunión misal, de novenas

completas, de *exercicios misionarios* e de lecturas pías. Había unha competencia na presenza da maior santidade; se ben a relixiosidade da Sra. Manuela era máis sufrida, nen as pulgas a enfadaban, e máis caritativa coas persoas da súa relación. A señora Rosa “a Touza” situábase máis na *améndoa cristolóxica* medieval ou na renacentista *Divina Comedia* de Dante, libro que trouxera da Arxentina. Para ela, cantas máis escadas se subiran mellor ceo se atopaba, por iso ía a unha segunda misa a Grixó para comungar de novo. Esta práctica chegou a enrabechar a don Cleto, que lle espetou á beata: *“Macorradeira! Para ti non teño partícula”*.

As rapazas máis mociñas, para rirse, dicíanlle cousas á señora Manuela que sempre remataban *...“co carallo señora Manuela”*- ó que ela respondía *“Alabado sexa Deus”*-. Tamén se metían coa señora Rosa “a Touza” informándoa de que a súa gatiña, “a Chuchita”, andaba en fornicio cos gatos. A Touza chamáballe á felina deshonesto e mesmo lle fixo un vestidiño para taparlle as partes impúdicas, pero as gatas son gatas e o celo do instinto rañaba nas teas.

As tecnoloxías entran no lugar.

A casa do Sr. Anxo foi das primeiras en ter radio no lugar. A súa muller, a señora Dorinda, quedou tan prendida ó escoitar a canción de María Antonia que, cada vez que o seu xenro, o Euxenio, manipulaba o botón do dial esta reclamaba *“Euxenio pono na María Antonia”*-. Pola radio os rapaces contactaban co fútbol do Estado e algúns viaxaban ó corredor para vixiar, mentres os pais escoitaban a Radio Andorra da estación Pirenaica.

As primeiras imaxes televisivas chegaron por Cerdal. Grupos de rapaces ían á tenda-bar do Amador para ver o Rin-tin-tin e Bonanza. Máis tarde, o Poulino da María mercou un aparello que tiña na sala da súa casa e concentraba moita veciñanza. Cando o evento televisado era importante o cheo estaba asegurado, por exemplo cando a Masiel actuou en Eurovisión co Alalá, cunha saia algo *mini*. Aquilo espetou a lascivia do Floro, que se tiraba ó chan buscando ver algo máis aló. Fóra do pentagrama imaxinario, mirando por baixo da televisión non se reflectían outras imaxes.

Escudeiros destacou na construción de carros móbiles de madeira. Os rapaces fixeron unha pista que tiña a saída no curuto do Coto da Chaira e chegaba ata case

as Pozas do Palleiro. Guiábanse cos pés e eran cotiás as esnafradas. Nas construcións destas máquinas, como adiantado no tempo, destacaba o Toño da Luisa.

No dominio das augas, coa construción de muíños de moito aquel, sobresaían o Jose Antonio do Fortes, "o Chedo", que montou un na Abilleira para pasme da veciñanza.

Os rapaces e os lobos.

Nos contares das cociñas ou nos descansos laborais sempre aparecía a figura do lobo como animal feroz, cruel, indomable e carniceiro. Tiña enormes poderes, coa súa mirada ou alento era quen de producir a *ronqueira* a calquera veciño. A súa proximidade facía pór a pel de galiña e encrespar o pelo. A figura do lobo era adoptada polo demo para presidir os *aquejarres* e era a montura preferida das bruxas. Podía propagar a rabia e facíase máis terrible nas noites de lúa chea, pois neses días rendíalle homenaxe ó astro ouveando cara el.

"EN TERRA DE LOBOS OUVEA COMA ELES"

"O LOBO FAMENTO NON PODE ESTAR CONTENTO"

"A CARNE DE ÓSO DENTE DE LOBO"

Todos contaban as súas experiencias co terrible cánido que rendía e enmudecía moitos valentes. Na maioría dos casos quedaban en avistamentos de media distancia. En terceira persoa o Romasanta de Allariz saía nos casos de licantropía, cando os homes se converten en lobos. A metamorfose obedecía a diversos motivos: unha maldición do pai (...Así Deus permita que andes detrás da loba), o ter nacido no 24 de nadal ou ser o sétimo fillo varón; se era muller podía ser bruxa ou meiga. O grego *Lycos* (lobo) tiña debilidades, escorrentábao o lume e a música, sobre todo a da gaita galega e a da harmónica... as labaradas e as muiñeiras eran invencibles.

No Escudeiros dos tempos en que os cregos presidían as batidas dos lobos, quedou no rexistro toponímico un "Foxo do Lobo", que empezaba nas Cancelas e

remataba no Foxo do Muro. Polos dicires da xente acadou celebridade a “Loba coxa”, temida fera ollada en varios lugares da contorna e que rematou os seus días no concello de Avión, onde a mataron.

“O FILLO DO LOBO TIRA SEMPRE Ó MONTE”

“DEUS NOS GARDE DO HOME MAL BARBADO E DO LOBO ESFAMEADO”

“O LOBO FARTO DE CARNE, METEUSE FRADE”

Dende a Chaira até Cartemil os lobos foron protagonistas de moitas anécdotas. Ó sr. Paulino, home asisado e de “*palito*”, amigo de cregos, coméronlle os lobos unha ovella e, coa carraxe da ocasión, blasfemou e *despotricou* tanto que mesmo fixo escachar de risa á sra. Manuela a Chula.

Na Chan da Cortiña o cruel lobo deixou sen cabana lanar á Sra. Pepa Barreiro, aínda que alguén lle botara as culpas ó can do Sr. Adolfo. Na Chaira, os lobos coméronlle o burro á Euloxia e a tristura das súas fillas, María Elena, Adela e Paulina, era manifesta. O Carlos Anxelo, nunha das súas expedicións a Seoane, deixou só o gando en Cartemil e o lobo aproveitou para comerlle a aña; o despiste do rapaz era tal que non sabía se levara o animal ou o deixara na corte, ata que seu pai, seguindo o rastro da lá entre os toxos, atopou entre unha mata de castiñeiros, medio enterrada, a caveira e o zarrizo. A Carme da Celsa foi quen de quitarlle a aña das fouces ó lobo na Firga. O Celso do Fortes acadou sona de rapaz valente ó saber defender as ovellas na Abilleira, xostregándolle vareadas ó lobo.

“COME O LOBO DE TODA CARNE,

MENOS DA SÚA QUE A LAMBE”

Os restos do can do Marcelo, que deixaran os cánidos nas Mimosas, semellaban ser o peido de lobo que ninguén quería pisar. Cando ós rapazotes, nas primeiras saídas a outros lugares, os sorprendía a noite tremían ó pasar pola Pena, a mina das Lengüizas e polo alto do Val; espíritos, ladróns e lobos eran o motor das grandes zancadas.

Os rapaces e os traballos.

Conforme chegaban os anos, os rapaces e rapazas integrábanse nas faenas dos maiores. No lugar, sobre todo a partir da segunda metade do século pasado, respectábase o horario escolar, de feito foron moitas as familias que mandaron estudar os fillos a Ourense. O coche de liña tiña parada en Cerdal e os estudantes de Escudeiros ocupaban moitos asentos. Outros aprendían oficios; naquela os máis solicitados eran a albanelería, a mecánica, a carpintería e a costura (no lugar houbo moitas boas costureiras: a Sra. Carme Chula, a María Elena, a Carme do Xavier e a Alsina). Outras profesións como canteiros, xastres, zapateiros, zoqueiros muiñeiros, ferreiros, cesteiros... que tiveran mellores intres na primeira metade do século, eran menos solicitadas. Os tratantes, sen embargo, reproducíanse nas familias. Moitos outros rapaces vían na emigración ou na mina unha oportunidade de futuro.

No campo había traballos case vedados á rapazada; nos labores da viña, a poda e a rodriga, nas *afenadas* a cravuña e a sega e na sementeira o arado. Todo isto, xunto coa roza do toxo, era, polo común, cousa de maiores, salvo excepcións como o Xosé María, que loaba o traballo do Xulio cando lle cargaba o seu carro.

Segundo medraba a saia das rapazas, collía máis aire, tanto na casa coma no lavadoiro, e nalgúns traballos de afora.

Rapaces que viñeron para o lugar para traballar de criados.

As casas máis podentes de Escudeiros, coma a dos Marqueses (o Xaime e o Adolfo), os da Tapadiña, o Poulino da María... tiveran rapaces que traballaban de criados. A maioría viñan de Portugal cunha idade que rondaban os 12-14 anos. O trato das familias de acollida era, polo xeral, bo, coma un máis da casa.

Algún daqueles rapaces, coma o Xoanciño, chegou a ser un moi bo xardineiro no país veciño. O seu agradecemento á familia da Camila é corroborado no día de defuntos, onde non falta o seu ramo de flores na sepultura de quen noutros tempos o acollera.